

DESEÑO

Directrices Xerais para o CURSO ACADÉMICO 2016-2017.

Marco legal

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

O Real Decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, (BOE 298, de 10 de decembro) de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece que a avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, (DOG 120, 29 de xuño) polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orden ECD/1941/2016, (BOE nº 309, do 22 de decembro) pola que se determinan as características, o deseño e o contido da proba da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade

Currículo

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, (DOG120, 29 de xuño) polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Directrices

A análise realizada do deseño curricular da materia “Deseño” e a súa situación dentro da modalidade de Artes do bacharelato LOMCE fainos chegar a conclusións moi similares ás que chegaron o Grupo de Traballo LOXSE da materia “Fundamentos do Deseño” e o Grupo de Traballo LOE de esta materia, da que é herdeira. Destas conclusións xorden as seguintes reflexións e directrices xerais:

1º O labor docente debe incidir nos dous primeiros bloques dos contidos, base fundamental da primeira parte da proba xunto cos primeiros epígrafes dos tres seguintes. Os contidos dos tres bloques finais, “Teoría e Metodoloxía do Deseño”, “Deseño Gráfico” e “Deseño do Produto e do Espazo”, serán a base da segunda parte da proba, coa finalidade de que o alumno faga unha proposta elemental de deseño.

2º Trátase dun deseño curricular ambicioso que debería requirir unha coordinación importante coas materias de Debuxo Técnico, no relativo ó coñecemento adecuado dos sistemas de representación (diédrico, axonométrico, perspectiva lineal), debuxo artístico e técnicas de expresión gráfico-plástica no que fai referencia ó coñecemento de técnicas gráficas de representación.

Neste sentido constatábase a necesidade de manter unha total coordinación coas materias encargadas de impartirlos coñecementos antes citados, evitando duplicidades que reducirían (no seu caso) horas de docencia aos contidos base.

A nova situación, que permite que o alumno curse Deseño sen cursar estas materias, obriga a incidir na formación de contidos e coñecemento de sistemas de representación e técnicas gráficas de representación.

